

XABIER | DÍAZ

Mazurca da Ermida (Pazos de Borbén)

Hei de plantar un piñeiro
enriba do teu tellado.
Cando o piñeiro dea piñas
hei de andar ó teu mandado.

*Dicen que no me quieres,
ai quieres, quieres!
A lo desimulado
por mí te mueres.*

*Se soupera que ti dabas
pasadiñas por me ver,
eu tamén daría palabra
de outros amores non ter.*

*Cuando vienes del baile
vienes airosa,
vienes coloradita
como una rosa.*

Este cantar non me gusta,
este cantar non me agrada,
este cantar non me gusta,
gústame quen o cantaba.

Polo mar abaixo vai,
polo mar de Redondela,
polo mar abaixo vai
quen no corazón me leva.

Apoucadiña de min
a aquel ramo me arrimei.
Arrimeime a un pequeniño,
ao grande non lle cheguei.

